

ALBARÁ

Definición

Documento que normalmente acompaña a entrega dunha mercadoría e no cal a conformidade da persoa receptora acredita a recepción. Este documento, que tamén se denomina *nota de entrega*, acostuma a facerse en triplo exemplar; o cliente ten que recibir dúas copias, unha das cales volverase ao/á vendedor/a asinada se está conforme.

Os albarás pódense converter en facturas se engadimos os datos necesarios para cumprir os requisitos legais.

ESTRUTURA DO ALBARÁ

1. Datos identificadores da entidade vendedora

1. Razón social
2. Enderezo
3. NIF

2. Datos identificadores do documento (núm. albará)

3. Datos identificadores da entidade compradora

1. Razón social ou nome e apelidos
2. NIF
3. Lugar onde se entrega o pedido

4. Datos da operación

1. Artigo: tipo, código e cantidades
2. Pago: prezo por unidade e prezo total

5. Sinatura de conformidade